



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 20 DE MARZO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día vinte de marzo do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria-urxente do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D^a. M^a Monserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González, que se incorpora cando se cita.
- D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González.
- D^a. Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
- D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
- D. Xan Lois Lomba Alonso.
- D^a. Hortensia García Díaz
- D^a. Beatriz Estevez Álvarez

Non asiste: D. José Vicente Ferreira

Actúa como Secretario o funcionario do concello D. Juan Alberto Santos Carrero.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1º.- XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA.

O Sr. alcalde da lectura á seguinte:

Xustificación da urxencia

O día 5 de marzo de 2012 recibíuse no Concello un convenio remitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a fin de que fora asinado polo Alcalde. A finalidade do mesmo é poñer a disposición de dito organismo os terreos necesarios para dar remate ás obras do Centro de Interpretación do Castelo de Santa Cruz.

Por tratarse dunha posta a disposición e non ser unha addenda ó convenio anterior é preciso, ó entender da Secretaría Municipal, que sexa o Pleno quen determine sobre o asunto.

Postos en contacto coa Dirección Xeral comunicámoslle que o asunto sería tratado no Pleno Ordinario do 30 de marzo. Na súa resposta solicitan que, de ser posible, se celebre unha



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

sesión extraordinaria do Pleno o máis axiña ao obxecto de axilizar os procedementos pendentes en beneficio da obra.

Dado o interese que o Concello ten en que o Centro de Interpretación se execute canto antes e para non poñer en risco a contratación da obra o antes posible, propono que se celebre un Pleno Extraordinario maná martes para tratar este asunto.

Sometida a votación a urxencia da celebración deste pleno foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Álvarez (quinze votos a favor).

Neste momento se incorpora á sesión o Sr. Rodríguez González

PUNTO 2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DA GUARDA PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DE FORTALEZAS DO BAIXO MIÑO, NO CASTELO DE SANTA CRUZ DA GUARDA.

Polo Sr. alcalde lese a seguinte proposta:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Considerando que o 5 de marzo de 2012 recibíuse o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda para a finalización das obras de construción do centro de interpretación das fortalezas do Baixo Miño, no Castelo de Santa Cruz da Guarda.

Considerando que, ó tratarse dun novo convenio e non dunha addenda, o órgano competente para decidir sobre o asunto é o Pleno da Corporación, é polo que propón ó Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- A aprobación do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello da Guarda para a finalización das obras de construción do centro de interpretación de fortalezas do Baixo Miño, no Castelo de Santa Cruz da Guarda.

2.- O compromiso por parte do Concello da Guarda de autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e dos inmobles a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente Convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 159 do 17 de agosto de 1992) responsabilizándose o Concello de tramitar a preceptiva licenza e soportar os custos por ela xerados.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do Convenio e demais tramites e xestións que deste se deriven.

4.- Nomear como representantes do Concello na comisión mixta de seguimento e control ó Concelleiro de Vías e Obras e o Arquitecto Técnico Municipal.

Concedida a palabra á Sra. Estevez Álvarez, sinala que non van a poñer impedimento algun en que se aprobe o convenio. Pregunta porque na proposta xa se nomean os representantes do concello, cando noutras convenios, faise logo.

Contesta o Sr. Alcalde que daba igual cando se nomearan, que podería determinarse despois, nun momento posterior, pero determinouse nomealos agora e xa quedan nomeados.

Pregunta a Sra. Estevez Álvarez que nomea o Director das obras. Contesta o Sr. alcalde que o concello soamente pon os terreos a disposición da Consellería de Cultura, e que será esta quen faga as obras e nomee o director.

O Sr. Lomba Alonso en representación do BNG manifesta que este é un dos pasos que queda para cerrar o ciclo do Castelo de Santa Cruz, obra importante, na que ademais das obras da muralla, os edificios hai que darlle finalización e utilidade. Pregunta porque non é posible facer unha concorrencia pública para as obras, que sería máis transparente, e non se aclara na proposta.

Contesta o Sr. alcalde que descoñece a razón pola que non se fai concorrencia pública, pero que intue que dentro das obras figura unha parte nova e unha parte que é un modificado, e tal vez sexa por esa modificación que teña que facelas obras a mesma empresa que fixo as anteriores, pero que realmente descoñece o sistema.

Sinala o Sr. Español Otero que as obras son competencia da Consellería, e eles saben como se adjudican, en tanto que as da muralla e axardinamento son competencia do concello e se adjudicaran por procedemento aberto. Di que esas obras son continuación das anteriores e en parte son a cousa duns actos vandálicos.

Manifesta o Sr. Lomba Alonso que entenden que estas obras son prioritarias e que por elo van a apoiar a proposta.

Concedida a palabra a Sr. Iglesias Ferreira sinala que lle parece importante dar continuidade a este proxecto do Castelo, e que se remate o Centro de Interpretación. Tamén di que desexaban coñecer o estado actual, do que sabían houbera desperfectos vandálicos.

O Sr. Español Otero sinala que para esas obras xa se puxeron a disposición da Consellería os terreos, pero o certo foi que nunca se entregaron as obras finalizadas o Concello.

A Sra. Iglesias Ferreira apunta que o concello debe ter algo de responsabilidade, de que se tiña que protexer os bens culturais. O Sr. Español Otero di que o concello puxo a disposición os terreos para as obras, pero estes e as obras non volveron a reverter ó concello, polo que a competencia é da Consellería en coidalos e mantelos.

O Sr. alcalde aclara que o convenio trata solo de obra física, pero de contidos non se trata nada, non hai dotación nin esta prevista dotación para contidos; estase a tratar cunha asociación portuguesa que deixe material para dotar a este centro.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Álvarez (dezaseis votos a favor).

PUNTO 3.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PsdeG-PSOE, PP, BNG E CG SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.

O Sr. Alcalde da lectura á seguinte:

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, PP, BNG E CG SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES

No Concello de A Guarda hai un número importante de persoas afectadas polas denominadas Participacións Preferentes. Son, en xeral, aforradores que non eran informados debidamente das características destes produtos e dos seus riscos, e que agora se atopan coa imposibilidade de recuperar o diñeiro investido. A presente moción pretende esixir das autoridades competentes unha solución satisfactoria ó problema das Participacións Preferentes que debe pasar, necesariamente, pola devolución íntegra do nominal investido.

Polo antedito, proponse ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia e ó Goberno Central a promover solución aos titulares das participacións preferentes que compraron sen información axeitada.*
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.*
- 3.- Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promova e no seu caso preste as autorizacións necesarias a Novagalicia Banco e ao resto das entidades financeiras, para dar solución á recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia que desexen recuperar os cartos investidos neste produto.*
- 4.- Instar ás entidades financeiras que operan en Galicia e que emitiron participacións preferentes a promover unha solución aos subscritores de participacións preferentes que desexen recuperar os cartos investidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.*
- 5.- Apoiar e informar a través da Oficina do Consumidor aos posibles afectados pola comercialización das participacións preferentes sobre as vías de reclamación das que dispoñan a través das oficinas do Instituto Galego de Consumo.*
- 6.- Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID na comercialización no tramo minorista de produtos financeiros.*

Sinala o Sr. Alcalde que se trata dunha moción conxunta de todos os grupos municipais para interesarse polo problema das participacións preferentes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Sra. Estevez Álvarez manifesta que cada día que pasa plantexanse novas alternativas para dar unha solución a problemática das preferentes; di que van a aprobar a moción e quere que quede reflectido en acta o lugar dentro do concello onde de poden dirixir os afectados para estar informados e presentar as reclamacións a Consumo.

O Sr. alcalde contesta que nas propias oficinas do Concello, e no rexistro, será o lugar de recollida das reclamacións.

Polo Sr. Lomba Alonso se sinala que este é un acordo das forzas políticas representadas no concello, e que esta proposta ou moción compre os tres puntos básicos que tiña a moción que presentaba o BNG para tratar en pleno, pero que entenden que o facerse conxunta tratase dunha declaración institucional, baseada en dous puntos: no acordo parlamentario das forzas políticas do Parlamento Galego para darlle solución a este problema e nos tres puntos que solicitaba o BNG na súa moción, sendo fundamental que a Xunta de Galicia se mova para que os afectados podan recuperar o seu diñeiro canto antes. Di que isto é unha estafa, froito dun sistema capitalista sen escrúpulos, que non atasca os grandes capitais senón ós pequenos aforradores. Sinala que o BNG se solidariza cos afectados ante unha situación que non é xusta nin decente, nin é forma de exercer unha actividade empresarial. Manifesta que o concello debe moverse dirixíndose a Consellería de Industria e Comercio para envíe axuda de carácter xurídico para atender os afectados. Di que forman parte deste acordo e como tal van a poialo.

A Sra. Iglesias Ferreira quere deixar constancia da preocupación do Partido Popular ante a situación dos afectados polas participacións preferentes. Di que teñen a vontade de apoio, escoita e traballo para cos afectados. Di que todos, se non padecemos esta problemática, temos familiares, amigos ou veciños que si a padecen. Queren mostrar a súa satisfacción de que o pasado mércores no Parlamento de Galicia se aprobara un texto transaccionado por todas as forzas políticas instando á Xunta a que busque solucións a esta situación e que os afectados recuperen integramente os seus cartos. Quere dar a coñecer que o Instituto Galego de Consumo, remitira ó Parlamento Galego un balance do numero de afectados e reclamacións presentadas, polo que insta ós afectados que presenten reclamacións ante o Instituto Galego do Consumo, a través da Oficina de consumo do concello. Remata sinalando que van a votar favorablemente a esta moción conxunta, esperando que se chegue a unha resolución deste problema.

O Sr. alcalde sinala que dende o grupo de Goberno en representación do PS de G-PSOE, apoian esta moción, que entenden os momentos difíciles que esta a parar os afectados, que dende o concello se vai a poñer todo o que estea na súa man para axudar a resolver este problema. Desexando que todas as institucións tanto do estado comunidade autónomas e concellos, ademais das forzas políticas consigan que canto antes estes afectados recuperen os seus cartos.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, Pazos Lomba, Lomba Alonso, García Díaz e Estevez Álvarez (dezaséis votos a favor).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretario, dou fe.

Vº e Pr.
O Alcalde-Presidente,

O Secretario,

José Manuel Domínguez Freitas

Juan Alberto Santos Carrero